



XUNTA
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

SA-Harmonías en movemento
01-Music maker: explorando novas
melodías

Music maker: explorando novas melodías

Achega

- Ordenador persoal ou tableta dixital.
- Navegador web.

Observa

O ser humano sempre quixo crear a súa propia música, os seus sons identificadores. Desde a antigüidade, as melodías acompañánnos ao longo do día dando vida a historias e mensaxes.


A música é unha linguaxe universal que minimiza as barreiras culturais e lingüísticas conectando as persoas a través das notas musicais. Moitas persoas non poden vivir sen ter un contacto diario coa música, escuchando os seus sons preferidos e cancións favoritas. Un día sen música é como un día sen sol!

Indaga

- Podemos crear unha melodía coas nosas propias cordas vocais, modulando o son que producimos pero tamén podemos emplegar instrumentos musicais, ben o clásicos que todos coñecemos ou inventados.
- A técnica vocal é a forma na que ten que traballarse o paso do aire pola gorxa, sendo importante no proceso tanto a modulación das cordas como o tratamento do aire.
- Podes sentir como fas vibrar o aire poñendo suavemente a man sobre a gorxa.
- O máis importante é que case todos podemos entoar unha melodía, cantaruxar unha canción coñecida, asubiar, facer percusión ou inventarmos algúna regueifa. Podemos improvisar pero tamén podemos planificar a melodía que imos tocar inventándoa de antemán, e dicir, podemos compoñela.

Prototipa

- Esta é unha secuencia diferente, porque imos traballar na rede mediante o uso da aplicación web [Chrome Music Lab](#), un completo laboratorio para gozar da creación musical empregando variadas propostas experimentais cheas de cor.
- Pasea con liberdade polos **14 labs**, pero a nosa proposta é que comeceis polo [Song maker](#), un lab moi sinxelo onde tes que premer as notas de cores do instrumento elixido. Podes modificar tamén o tempo e gravar a composición feita, todo un descubrimento!
- Podes comenzar coas secuencias de notas coñecidas ou experimentar con acordes. O modo de presentar as notas nesta aplicación aseméllase máis a unha tarxeta para programar caixas de música ou pianolas que a una partitura tradicional.



Sigue o código QR do reverso para descargar o material complementario. Emprega o acceso de convidados.

